



*Misela*

*ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE  
DA COMARCA DE NOIA E MUROS*

**ESTATUTOS**

## PREÁMBULO

No ano 1993 constitúese na Vila de Noia unha Asociación denominada Asociación de Pais do Servizo de Tratamentos a Nenos con Discapacidades (Asociación de Pais do STAND), en réxime de autonomía e no campo delimitado pola lexislación vixente, ó amparo do artigo 22 da Constitución, o establecido na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, a Lei 49/2002 de Mecenazgo, e a demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Inscríbese no Rexistro Provincial de Asociacións por Resolución do 28 de outubro de 1993, co número 3.465 na Sección Primeira, e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais por Resolución do 14 de decembro de 2001 co número S-0794, modificándose na data 21 de xullo de 2009 por E-794.

Na Asemblea Xeral Extraordinaria do 18 de maio de 2012, acórdase por unanimidade que a Asociación pase a denominarse **“MISELA” (Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Noia e Muros)**.

# TITULO I . DISPOSICIÓN XERAIS

## CAPÍTULO I CONSTITUCIÓN E NATUREZA DA ASOCIACIÓN

### ARTIGO 1º.-

A asociación MISELA actúa ó amparo da lexislación existente en materia de Asociacións que lle é aplicable, así como polo previsto nos presentes estatutos.

### ARTIGO 2º.-

1.- A Asociación ten personalidade xurídica e capacidade plena de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens e caudais e dos fins que se propón.

2.- A súa duración constitúese por tempo indefinido.

3.- MISELA defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non governamental, de carácter voluntario.

4.- Basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Compromiso e perseveranza no cumprimento da nosa misión e na consecución da visión da Asociación .
- Democracia interna.
- Igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade no ámbito rural.
- Transparencia na xestión e actuación da entidade e os seus socios/as.
- Traballo en equipo compartindo misión, obxectivos e expectativas.
- Orientación á calidade, buscando a mellora continua dos servizos.
- Integridade e coherencia das accións realizadas cos valores propios da entidade.
- Solidariedade e respecto entre as persoas membros e con calquera individuo/a, grupo ou entidade cos que se mantén algún tipo de relación.

### ARTIGO 3º.-

O domicilio da Asociación establécese na Avda. República Arxentina, 60, 15200 Noia.

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuacións, e de cantos lugares considere axeitados para o normal desenvolvemento de "MISELA". O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

O ámbito e extensión desta Asociación comprende Noia, Lousame, Muros, Porto do Son, Outes e Carnota, aínda que en casos excepcionais aténdese a persoas procedentes doutros concellos cercanos.

## **CAPÍTULO II**

### **OBXECTO DA ASOCIACIÓN**

#### **ARTIGO 4º-**

MISELA ten como misión promover o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade, así como fomentar a participación e o benestar das familias, a través dunha atención individualizada e interdisciplinar dende a infancia. Inclúense entre os seus fins:

1. Promover a autonomía e a integración das persoas con discapacidade no ámbito familiar, escolar, social e laboral.
2. Potenciar a utilización e a busca dos recursos necesarios para unha mellor atención da persoa con discapacidade ou neno/a con risco de padecela.
3. Prestar asesoramento e atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias ou titores/as.
4. Defender os dereitos do neno/a e da persoa con discapacidade en xeral.
5. Prevención de posibles discapacidades.
6. Fomentar a inclusión laboral das persoas con discapacidade.
7. Promover a actividade cultural, a práctica deportiva e a actividade física nas persoas con discapacidade.

#### **ARTIGO 5º-**

A asociación MISELA utilizará os medios seguintes para a realización da súa misión e dos seus fins:

- a) Creación e promoción de servizos destinados á prevención, valoración, seguimento e atención das persoas con discapacidade e dos/as nenos/as con risco de padecela.
- b) Ofrecer apoio ás familias directamente ou en coordinación con outros servizos.
- c) Desenvolver actividades e iniciativas destinadas a dar a coñecer a realidade das persoas con discapacidade e o seu entorno, que permitan unha maior sensibilización da sociedade.
- d) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer orientadas á persoa con discapacidade, que faciliten directa ou indirectamente a súa inserción social e comunitaria, así como organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- e) Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- f) Promover iniciativas da capacitación laboral para as persoas con discapacidade, axustadas a un marco laboral normalizado:

Promoción de centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, coas/cos demais traballadoras/es, conforme á lexislación vixente en tódolos casos, priorizando:

- a. Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadoras/es discapacitadas/os e/ou no labor social de dita asociación.
- b. Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nas/nos propias/os traballadoras/es do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó Movemento Asociativo.
- g) Establecer relacións de coordinación e cooperación con outras entidades do sector con obxectivos comúns para o mellor logro destes, así como con outras entidades públicas ou privadas, co obxecto de mellorar os servizos e a atención prestada, incidindo na calidade dos mesmos e no cumprimento dos seus fins.
- h) Diseñar e desenvolver actividades de formación e orientación para as persoas con discapacidade, as familias, os/as traballadores/as, así como para o entorno en xeral.
- i) Desenvolver as actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico da entidade.
- j) A integración, creación e promoción de centros educativos orientados ó mundo laboral, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, do cal a súa tipoloxía sexa autorizada por Lei, na que prime a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme á lexislación vixente.
- k) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

### **CAPÍTULO III**

#### **DOS/AS MEMBROS DA ASOCIACIÓN. OS SEUS DEREITOS E OBRIGAS.**

##### **ARTIGO 6º.-**

Poderán formar parte da Asociación todas aquelas persoas que compartan a misión, visión e valores desta entidade.

Tódolos/as membros que compoñen a Asociación, teñen que actuar cumprindo os fins que se demandan nestes estatutos. O non cumprimento será motivo de expulsión ou non admisión.

O número de asociados/as será ilimitado.

A asociación MISELA poderá ter Presidente/a de honra e socios/as colaboradores/as sen dereitos nin obrigas, que polo seu labor, ou personalidade enriquezan o prestixio da entidade.

Só teñen dereito a voto os/as membros activos da Asociación.

Serán socias protectoras as persoas xurídicas que voluntariamente asuman esta condición, cos seus dereitos e as súas obrigas.

##### **ARTIGO 7º.-**

Os dereitos que corresponden ós/ás membros da Asociación son os seguintes:

1. Asistir ás reunións da Asemblea Xeral, con dereito de voz e voto.
2. Elixir e/ou ser elixido/a para os postos de representación ou exercer cargos directivos.
3. Exercer a representación que se lle confira en cada caso.
4. Intervir no goberno e nas xestións, e participar nos servizos e actividades da Asociación, de acordo coas normas legais e estatutarias.

5. Expoñer á Asemblea e á Xunta Directiva todo o que considere que pode contribuír a facer máis plena a vida da Asociación e máis eficaz a realización dos obxectivos sociais básicos.
6. Solicitar e obter explicacións sobre a administración e a xestión da Xunta Directiva e dos/as mandatarios/as da Asociación.
7. Recibir información sobre as actividades da Asociación.
8. Facer uso dos servizos comúns, si se cumpren os requisitos de acceso, que estableza ou que estean a disposición da Asociación.
9. Formar parte dos grupos de traballo que se constitúan para o cumprimento dos fins da Asociación.

#### **ARTIGO 8º.-**

Os deberes dos/as membros da Asociación son:

1. Axustar a súa actuación ás normas estatutarias.
2. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e as normas que sinala a Xunta Directiva para levar a cabo estes acordos.
3. Satisfacer puntualmente as cotas que se establezan.
4. Manter a colaboración necesaria en interese do bo funcionamento da Asociación.

#### **ARTIGO 9º.-**

Son causa de baixa na Asociación:

1. A vontade do mesmo/a interesado/a, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
2. Non satisfacer as cotas fixadas.
3. Non cumprir as obrigas estatutarias.

## **TÍTULO II DA ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DA ASOCIACIÓN**

### **CAPÍTULO I DA ASEMBLEA XERAL**

#### **ARTIGO 10º.-**

1. A Asemblea Xeral, integrada polos/as seus/súas socios/as, é o órgano supremo da Asociación; os seus/súas membros forman parte por dereito propio e irrenunciable e en igualdade absoluta.
2. Tódolos/as membros quedarán suxeitos ós acordos da Asemblea Xeral, incluíndo os/as ausentes, os/as disidentes e os/as que, estando presentes, se abstiveran de votar.

#### **ARTIGO 11º.-**

1. A Asemblea Xeral reunirse en sesión ordinaria como mínimo unha vez ó ano, dentro do primeiro semestre.
2. A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario sempre que sexa necesario, a requirimento da Xunta Directiva ou ben cando o solicite un número de membros da Asociación que represente, ó menos un terzo da totalidade.

#### **ARTIGO 12º.-**

A Asemblea Xeral ten as facultades seguintes:

- Serán facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:
  1. Ratificación e admisión de membros da Xunta Directiva, a petición desta.
  2. Exame e aprobación das contas, balances e memorias do exercicio económico terminado.
  3. Decidir as aplicacións concretas ás que se destinarán os fondos da Asociación.
  4. Aprobar os regulamentos para a organización e réxime dos distintos servizos da Asociación.
  5. Aprobar o plan xeral de actuación para o ano seguinte, elaborado pola Xunta Directiva.
  6. Propoñer Presidente/a de Honra e socios/as colaboradores/as.
  
- Serán facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria:
  1. Elección da Xunta Directiva cada catro anos.
  2. Modificación dos Estatutos.
  3. A Disolución e liquidación da Asociación.

#### **ARTIGO 13º.-**

1. A convocatoria da Asemblea Xeral, tanto ordinaria coma extraordinaria farase por escrito, preferentemente por correo electrónico. Igualmente, os anuncios da convocatoria publicaranse na páxina web e redes sociais da entidade, así coma naqueles lugares que se considere oportuno, cunha anticipación de sete días como mínimo. Na convocatoria expresarase o día, hora e o lugar de reunión, así como tamén a orde do día. Incluiranse preceptivamente na orde do día da Asemblea Xeral as cuestións suscitadas por cada grupo de traballo sempre que previamente se comunicaran á Xunta Directiva.
2. A reunión da Asemblea Xeral tanto ordinaria coma extraordinaria estará presidida polo/a Presidente/a da Asociación, así como polo/a Secretario/a e demais membros da mesma. De encontrarse ausente o/a Presidente/a, substituirao/a sucesivamente o/a Vicepresidente/a ou o/a Vogal de máis idade da Xunta. Actuará como Secretario/a aquel/a que o sexa da Xunta Directiva.
3. O/a Secretario/a redactará a acta de cada reunión cun extracto das deliberacións, o texto dos acordos que se adoptaran e o resultado numérico das votacións.

#### **ARTIGO 14º.-**

A Asemblea quedará constituída validamente en primeira convocatoria coa asistencia dun mínimo de dous terzos dos/as socios/as.

Tamén quedará validamente constituída en segunda convocatoria sexa o que sexa o número de socios/as presentes. A segunda convocatoria terase que celebrar media hora despois da primeira e no mesmo lugar, e terá que ter figurado no anuncio da primeira.

#### **ARTIGO 15º.-**

1. Nas reunións da Asemblea Xeral, corresponde un voto a cada membro da Asociación.
2. Os acordos tomaranse por maioría simple de votos presentes, agás os da Asemblea Extraordinaria.
3. Para adoptar acordos sobre a separación de membros, a modificación dos Estatutos, a disolución da Asociación, a constitución dunha Federación de Asociacións ou similares

ou a integración nunha que xa existe, será necesario un número de votos equivalentes ás dúas terceiras partes.

## **CAPÍTULO II**

### **A XUNTA DIRECTIVA**

#### **ARTIGO 16º.-**

1. A Asociación, rexeraa, administraraa e representaraa a Xunta Directiva formada por:
  - a) O/A Presidente/a.
  - b) O/A Vicepresidente/a.
  - c) O/A Secretario/a.
  - d) O/A Tesoureiro/a.
  - e) Os/As Vogais necesarios segundo o desenvolvemento da Asociación, cun mínimo de tres.  
Elixiranse por sufraxio libre e secreto.
2. As candidaturas serán cerradas e elixidas por maioría simple.
3. Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.
4. Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro poderán recibir unha retribución adecuada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.
5. No caso de prestar servizos para a entidade persoas con relación de parentesco por sanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, das persoas membro dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.
6. As votacións serán a man alzada.

#### **ARTIGO 17º.-**

1. Os/As membros da Xunta Directiva exercerán o cargo durante un período de catro anos, e poderán ser reelixidos consecutivamente.
2. O cese do cargo antes de extinguirse o prazo regulamentario poderá ocorrer:
  - a) Por dimisión voluntaria presentada mediante escrito no cal se razoen os motivos.
  - b) Por defunción ou enfermidade que incapacite para exercer o cargo.
  - c) Por baixa como membro da Asociación.
  - d) Por sanción imposta por unha falta cometida no exercicio do cargo, mediante acordo tomado de conformidade cos porcentaxes que se sinalan no parágrafo 3 do artigo 15 destes Estatutos.
  - e) As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Non obstante isto, a Xunta poderá contar, provisionalmente, ata a próxima Asemblea Xeral, cun membro da Asociación para o cargo vacante.



#### **ARTIGO 18º.-**

1. A Xunta Directiva posúe as facultades seguintes:
  - a) Ostentar e exercer a representación da Asociación e levar a cabo a dirección e a administración da maneira máis ampla que recoñeza a lei e cumprir, desta maneira, as decisións tomadas pola Asemblea Xeral e de acordo coas normas, as instrucións e as directrices xerais que esta Asemblea Xeral estableza.
  - b) Tomar acordos que sexan necesarios en relación coa comparecencia ante organismos públicos e para exercer todo tipo de accións legais e interpor os recursos pertinentes.
  - c) Propoñer á Asemblea Xeral a defensa dos intereses da Asociación.
  - d) Propoñer á Asemblea Xeral a defensa do establecemento das cotas que os/as membros da Asociación terán que satisfacer.
  - e) Convocar as Asembleas Xerais e controlar que os acordos que se adopten se cumpran.
  - f) Presentar o balance e o estado de contas de cada exercicio á Asemblea Xeral para que os aprobe, e confeccionar os orzamentos do exercicio seguinte.
  - g) Elaborar a memoria anual de actividades e sometela á aprobación da Asemblea Xeral.
  - h) Contratar os/as empregados/as que poida ter a Asociación.
  - i) Inspeccionar a contabilidade e preocuparse porque os servizos funcionen con normalidade.
  - j) Establecer grupos de traballo para conseguir, da maneira máis eficiente e eficaz, os fins da Asociación e autorizar os actos que estes grupos proxecten realizar.
  - k) Nomear o/a Vogal da Xunta Directiva que se terá que encargar de cada grupo de traballo, a proposta deste mesmo grupo.
  - l) Levar a cabo as xestións necesarias ante os organismos públicos, entidades e outras persoas, para conseguir:
    - Subvencións ou outras axudas.
    - O uso de locais ou edificios que poidan chegar a ser un lugar de convivencia e comunicación.
    - Abrir contas correntes e libretas de aforro en calquera establecemento de crédito e dispoñer dos fondos que haxa nestes depósitos. A disposición de fondos determinarase no artigo 32.
    - Resolver provisionalmente calquera caso imprevisto nos presentes Estatutos e dando conta na primeira Asemblea Xeral.
    - Calquera outra facultade que non estea atribuída dunha maneira específica a algún outro órgano de goberno da Asociación ou que estes deleguen expresamente na Xunta Directiva.

#### **ARTIGO 19º.-**

1. A Xunta Directiva, convocada previamente polo/a Presidente/a ou pola persoa que o/a substitúa, reunirse de xeito presencial ou telemático en sesión ordinaria coa periodicidade que os/as seus/súas membros decidan, pero que, en todo caso, non poderá ser superior a dous meses.
2. Reunirse de xeito presencial ou telemático en sesión extraordinaria cando a convoque con este carácter o/a Presidente/a ou ben se a solicita un terzo dos/as membros que a compoñen.

#### **ARTIGO 20º.-**

1. A Xunta Directiva quedará constituída de maneira válida con convocatoria previa e un quórum da metade máis un/unha.
2. Os/As membros da Xunta Directiva están obrigados/as a asistir a tódalas reunións que se convoquen, non obstante isto, poderán escusar a asistencia por causas xustificables.

En calquera caso será necesaria a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas que o/a substitúan.

3. A Xunta Directiva tomará os acordos por maioría simple dos votos dos/as asistentes, agás no referente á constitución das comisións de traballos que precisarán da aprobación dos dous terzos.

#### **ARTIGO 21º.-**

1. A Xunta Directiva poderá delegar algunha das súas facultades nunha ou diversas comisións ou grupos de traballo se conta para elo, co voto favorable de dous terzos dos/as seus/súas membros.
2. Tamén poderán nomear, co mesmo quórum, un/unha ou diversos/as mandatarios/as para exercer a función que a Xunta lles confíe coas facultades que crea oportuno ofrecerlles en cada caso.

#### **ARTIGO 22º.-**

Os acordos da Xunta Directiva faranse constar no libro de actas. Ó iniciarse cada reunión da Xunta Directiva lerase a acta da sesión anterior para que se aprobe e, no seu caso, se rectifique.

### **CAPÍTULO III**

#### **DO/A PRESIDENTE/A E VICEPRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN**

#### **ARTIGO 23º.-**

1. O/A Presidente/a da Asociación tamén será Presidente/a da Xunta Directiva.
2. Son propias do/a Presidente/a as funcións seguintes:
  - a) As de dirección e representación legal da Asociación dende o momento do nomeamento do cargo.
  - b) A presidencia e a dirección dos debates, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva.
  - c) Emitir un voto de calidade decisorio nos casos de empate.
  - d) Establecer a convocatoria das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
  - e) Visar as actas e os certificados confeccionados polo/a Secretario/a da Asociación.
  - f) As atribucións restantes propias do cargo e as que lle delegue a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva
3. Ó/Á Presidente/a, substituirao/a, no caso de ausencia ou enfermidade, o/a Vicepresidente/a ou o/a Vogal de máis idade da Xunta, por ese orde correlativo.

### **CAPÍTULO IV**

#### **DO/A TESOUREIRO/A, O/A SECRETARIO/A E OS/AS VOGAIS**

#### **ARTIGO 24º.-**

O/A Tesoureiro/a terá como función a custodia e o control dos recursos da Asociación, así como tamén a elaboración do orzamento, o balance e a liquidación de contas, a fin de sometelas á Xunta Directiva. Levará un libro de "caixa". Asinará os recibos de cotas e outros documentos de tesourería. Pagará as facturas aprobadas pola Xunta Directiva, as cales terán que estar visadas previamente polo Presidente. Ingresará o que sobre en depósitos abertos en establecementos de crédito ou de aforro. A disposición do fondo determinarase no artigo 32.

#### **ARTIGO 25º.-**

O/A Secretario/a ha de custodiar a documentación da Asociación, levantar, redactar e asinar as actas das reunións das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva, así como tamén será o/a responsable de redactar e autorizar as certificacións que se necesite expedir, como tamén levar o libro de rexistro de socios/as da Asociación.

Funcións dos/as Vogais:

- Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
- Participar nos debates das sesións e exercer o seu dereito ó voto.
- Formular rogos e preguntas.
- Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprir os fins sociais que marcan os estatutos.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

### **CAPÍTULO V DAS COMISIÓNS OU GRUPOS DE TRABALLO**

#### **ARTIGO 26º.-**

A creación e constitución de calquera comisión ou grupo de traballo, será proposta dando coñecemento á Xunta Directiva, os/as membros da Asociación que queiran formalo, que explicarán as actividades que se propuxeron levar a cabo.

A Xunta Directiva aprobará a comisión de traballo cunha maioría de dous terzos da mesma.

A Xunta Directiva preocuparase de analizar as diferentes “comisións ou grupos de traballo” e unha vez ó mes o/a encargado/a presentará á Xunta un informe detallado das súas actuacións.

## **TÍTULO III DO REXIME ECONÓMICO DA ASOCIACIÓN**

#### **ARTIGO 27º.-**

Atendida a súa natureza, esta asociación non ten patrimonio fundacional, na data da súa constitución.

#### **ARTIGO 28º.-**

O orzamento da Asociación será a suma das cantidades das cotas aportadas polos/as socios/as no momento da súa constitución, sen prexuízo doutras aportacións ou subvencións posteriores.

#### **ARTIGO 29º.-**

Os recursos económicos da Asociación nutriranse:

- a) Das cotas que fixe a Asemblea Xeral ós/ás seus/súas membros.
- b) Das subvencións oficiais ou particulares.
- c) Das cotas por servizos prestados.
- d) De doazóns, herdanzas ou legados.
- e) Das rendas do patrimonio propio ou ben doutros ingresos que poidan obterse.

**ARTIGO 30º.-**

Tódolos/as membros da Asociación teñen a obriga de pagar a cota fixada que determine a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

**ARTIGO 31º.-**

O exercicio económico coincidirá co ano natural cerrado ó 31 de decembro.

**ARTIGO 32º.-**

Nas contas correntes ou libretas de aforro abertas en establecementos de crédito ou de aforro, figurará a sinatura do/a Presidente/a, do/a Tesoureiro/a, do/a Secretario/a e, de ser o caso, calquera outro/a membro da Xunta Directiva que esta o estime necesario.

Para poder dispoñer dos seus fondos será suficiente con dúas sinaturas de calquera dos/as asinantes.

**ARTIGO 33º.-**

A inspección do cumprimento ou da interpretación destes Estatutos corresponde á Asemblea Xeral, de acordo co quórum que establece o parágrafo terceiro do artigo 15.

**ARTIGO 34º.-**

A Xunta Directiva velará para que se cumpran as normas que conteñen estes Estatutos, de acordo co ditame da Asemblea Xeral.

## **TÍTULO V DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**ARTIGO 35º.-**

A Asociación poderá ser disolta se o acorda así a Asemblea Xeral convocada expresamente para este fin con carácter extraordinario.

**ARTIGO 36º.-**

1. Unha vez acordada a disolución, a Asemblea Xeral tomará as medidas oportunas, tanto polo que se refire á destinación que se de ós bens e dereitos da Asociación, como á finalidade, extinción e liquidación de calquera operación pendente.
2. A Asemblea está facultada para elixir unha Comisión liquidadora, sempre que o crea necesario.
3. Os/As membros da Asociación están exentos de responsabilidade persoal. A súa responsabilidade quedará limitada a cumprir as obrigas que eles/as mesmos/as contraerán voluntariamente.
4. O remanente neto que resulte da liquidación entregárase directamente a Entidade Pública ou privada que, no ámbito territorial de actuación da Asociación fora caracterizado máis na súa obra a favor da Institución.
5. As funcións de liquidación e execución dos acordos a que fan referencia os números anteriores deste mesmo artigo, serán competencia da Xunta Directiva, se a Asemblea Xeral non conferiu esta misión a unha comisión liquidadora especialmente designada.

Dona M<sup>a</sup> Carmen Hermida Santamaría, con DIN 33256179L e Dona M<sup>a</sup> Oliva Filgueira Peña, con DNI 78784999V, como Presidenta e Secretaria de MISELA (Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Noia e Muros), con domicilio social na Avda. República Arxentina nº 60, 15200 de Noia (A Coruña) e co CIF: G15450208,

**CERTIFICAN:**

Primeiro.- Que en cumprimento do establecido na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, a Asociación atópase en plena situación de actividade e funcionamento.

Segundo.- Que os presentes Estatutos da Entidade quedan redactados segundo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada o día 06 de maio do 2022 , e seguindo o procedemento establecido nos Estatutos desta Asociación, substituindo ós inscritos anteriormente.

E para que así conste ós efectos oportunos, asina a presente co visto e praxe da presidenta en Noia, a 06 de maio do 2022.

V<sup>o</sup> e Praxe  
A Presidenta

A Secretaria

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Hermida Santamaría

Asdo.: M<sup>a</sup> Oliva Filgueira Peña